

BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “RODEIRA DA COTA” SUBVENCIONADO POLA DA ORDE DO 7 DE FEBREIRO DE 2024 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1.1. O obradoiro de emprego “Rodeira da Cota”, é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, promovido polo Concello de Castrelo do Val, xunto cós concellos de Riós e Vilardevós, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Ministerio de Trabajo y Economía Social.

1.2. Éstas bases teñen como finalidade determinar o sistema de selección, procedemento, requisitos e baremos que serán de aplicación como normas do procedemento de selección do **alumnado-traballador** do Obradoiro de Emprego “Rodeira da Cota” de conformidade có previsto no artigo 11 da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.3. Na regulación deste procedemento de selección tense en conta ademáis o establecido nas Instruccións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, con data de 14 de xullo de 2023 e actualizada o 18 de agosto do 2024.

1.4. Segundo o establecido nas instruccións, as entidades beneficiarias da subvención solicitarán ao alumnado-traballador que se necesite mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego.

1.5. Estas bases deberán ser remitidas á xefatura territorial correspondente e expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora.



SEGUNDA. Bases específicas para o alumnado-traballador.

2.1. Número de prazas: Vinte (20), coa seguinte distribución por concellos:

- Concello de Castrelo do Val: 7 prazas.
- Concello de Riós: 7 prazas.
- Concello de Vilardevós: 6 prazas.

Se nalgún concello non se chega o mínimo dos candidatos, ocuparase dita praza polo orde de puntuación.

2.2. Especialidades que se impartirán :

CÓDIGO	ESPECIALIDADE	NÚM. PRAZAS
EOCB0209	Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (Nivel 1)	10
AGAO0108	Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería (Nivel 1)	10
TOTAL PRAZAS		20

2.3. Duración do contrato: 9 meses.

2.4. Contrato laboral que se formalizará: a contratación será baixo a modalidade que corresponda dacordo coa normativa laboral vixente no momento da contratación desenvolto segundo a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que tamén se establecen as bases da formación profesional dual. Non poderá, polo tanto, entrar na selección quen non poda desenvolver na especialidade correspondente un contrato dese tipo.

2.5. Xornada laboral: Completa.

2.6. Retribucións: Percibirán as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

TERCEIRA. Requisitos para poder participar como alumnado-traballador.

Os requisitos mínimos que deben cumplir as persoas candidatas preseleccionadas, segundo o artigo 11 da orde, son os seguintes:



- 3.1.Ter dezaoito ou máis anos de idade.
- 3.2.Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
- 3.3.Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desenvolvemento das correspondentes funcións.
- 3.4.Cumprir cós requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe ou a que corresponda dacordo coa normativa laboral vixente no momento da contratación, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 da orde do 7 de febreiro de 2024.
- 3.5.Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- 3.6.Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- 3.7.Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- 3.8. Os alumnos – traballadores, non poderán volver participar nun obradoiro de emprego da mesma familia profesional que outro realizado anteriormente, salvo que sexa de nivel superior.

CUARTA. Obriga do alumnado-traballador seleccionado.

O alumnado – traballador seleccionado, debe cumplir coas seguintes obrigas:

- 4.1. Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas técnico – prácticas.
- 4.2. Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posúan a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- 4.3. Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipessoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- 4.4. Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.



QUINTA. Causas de exclusión do alumnado-traballador seleccionado.

- 5.1. Incumprir os requisitos mínimos.
- 5.2. Falta de documentación acreditativa.
- 5.3. A participación noutro programa mixto de emprego e formación do mesmo certificado de profesionalidade ó que opta.
- 5.4. Falsear os datos do cuestionario.
- 5.5. A expulsión doutro programa de formación en alternancia có emprego.

SEXTA. Tribunal cualificador – Grupo de Traballo.

- 6.1. Constituirase un tribunal de selección que estará formado por cinco membros, integrado por un presidente, tres vogais e asistidos por un secretario.
- 6.2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública.
- 6.3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.
- 6.4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestiós que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.
- 6.5. O tribunal non poderá constituírse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos asistentes.
- 6.6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- 6.7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunas das causas previstas nas leis.
- 6.8. As reunións do Grupo de traballo/Tribunal recolleránse nas actas correspondentes.



6.9. Unha vez realizados a cada un dos candidatos a entrevista persoal e a baremación dos méritos, elaborarase unha prelación por orde de puntuación, da que serán propostos para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección ata o número de prazas convocadas. As restantes formarán a listaxe de reservas, que estará vixente ata a data de inicio do proxecto.

6.10. De conformidade co artigo 14 da Orde de convocatoria, as incidencias e reclamacións serán resoltas polo tribunal de selección. As súas resolución poñen fin a vía administrativa, tendo tal carácter as listaxes definitivas.

SÉTIMA. Procedemento de selección do Alumnado - Traballador.

Unha vez ditada a resolución de concesión da subvención para o obradoiro de emprego e aprobadas as bases de selección, O Concello de Castrelo do Val tratará a correspondente oferta (tipo T) na Oficina de emprego de Verín, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo de traballo.

A oficina de emprego de xestión realizará unha sondaxe que terá en conta a aquellas persoas que teñan solicitado algúns dos seguintes servizos: Escola taller programas (320), Casa de oficio (330), Taller de emprego (340) ou Outros programas de emprego formación dual (370).

No correspondente ao ámbito xeográfico, a sondaxe abranguerá aos concellos de Castrelo do Val, Riós e Vilardevós e haberá entre tres e cinco candidatos por posto, según a distribución de postos por concello.

A oficina de emprego remitirá o listado e datos de contacto dos candidatos á entidade promotora, quen será a encargada de comunicarlle aos candidatos o lugar, a data e hora en que deberán presentar a documentación acreditativa dos méritos, e se é o caso, comunicáráselle, a convocatoria para a realización da entrevista persoal, que será anterior á baremación de méritos.

Logo de realizar a cada un dos aspirantes preseleccionados pola oficina de emprego, a entrevista persoal, faranse públicos os resultados e logo procederase a aplicar o baremo establecido, polo cal se avaliarán as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego, publicando os seus resultados na páxina web municipal e no



taboleiro de anuncios do Concello.

7.1. Realización da **entrevista persoal**. Valórase **ata 10,00 puntos**.

Ten como finalidade avaliar o interese do candidato en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo do que se trate.

7.2. Aplicación do **baremo** do proceso de selección. Segundo os criterios establecidos no artigo 11 da Orde do 7 de febreiro de 2023 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia os baremos de aplicación aos méritos de cada candidato serán os seguintes (**máximo 30,00 puntos**):

CRITERIOS		PUNTOS
Muller, en xeral		1,00
Muller vítima violencia de xénero		0,50
Idade	Entre 18 e 29 anos	3,00
	Entre 30 e 44 anos	2,00
	Máis de 45 anos	4,00
Experiencia Laboral	Ata 12 meses	2,00
	Igual ou superior aos 12 meses	1,00
Tempo de desemprego dende o último traballo	Menos de 12 meses	1,00
	Entre 12 e 18 meses	2,00
	Máis de 18 meses	3,00
Cualificación profesional	Ata Graduado en ESO	4,00
	Bacharelato, BUP e CM - FPI	2,00
	CS – FPII	1,00
	Universitarios	0,50
Protección por desemprego (*Imv, Rai, Activa, Prepara, Risga, pensión incapacidade...)	Perceptor prestación desemprego	1,00
	Perceptor subsidio ou axudas*	2,00
	Non perceptores	4,00
Categoría profesional no traballo inmediatamente anterior	Autónomos ou GC do 1 ao 7	0,00
	GC 8 ou 9	1,00
	GC 10	2,00
	Sen emprego anterior	3,00



Participación nun O.E. anterior	Participar nun O.E. ou nun Programa de Emprego de Garantía Xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores a ésta	0,00
	Participar nun O.E. ou Programa de emprego de Garantía Xuvenil iniciado antes do ano 2019	2,00
	Nunca participar nun O.E.	5,00
Discapacidade (ao 33,00%) Sempre que poida realizar os traballos		1,00
Perceptores de Risga ou outro colectivo de exclusión		1,00
Emigrantes retornados		1,00
Ter planificado no IPI a participación no programa O.E.		0,50

Para a aplicación do baremo, as persoas candidatas cumplimentarán un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a súa exclusión do proceso de selección.

Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resloveranse aplicando os seguintes criterios, por orde de prelación:

- Non ter participado en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego ou ter participado un menor número de veces.
- Non ter experiencia laboral ou a que teñen sexa menor.
- Non ter cualificación ou a súa cualificación sexa de menor nivel.
- Parados de longa duración.
- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

OITAVA. Documentación a presentar polo Alumnado - Traballador.

Os candidatos deberán de presentar a documentación acreditativa dos méritos sinalados nestas bases e que a continuación se expresa:

- Solicitud, segundo o Anexo I destas bases.
- Declaración xurada, segundo o Anexo II destas bases.
- Fotocopia compulsada do DNI.



- Informe de vida laboral actualizado (aínda que non teña experiencia laboral).
- Acreditación da titulación ou certificación académica que posúe.
- Acreditación das Competencias Clave adquiridas (de ser o caso).
- Acreditación do grado e tipo de discapacidade (de ser o caso).
- Xustificante da pensión de incapacidade (de ser o caso).
- Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu IPI (de ser o caso).
- Acreditación de ser muller vítima de violencia de xénero (de ser o caso).
- Acreditación de ser emigrante retornado (de ser o caso).
- Certificado do SPEG sobre os períodos de inscrición como demandante de emprego, (de ser o caso).
- Informe dos servizos sociais do concello ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política social, que acredeite a pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, (de ser o caso).
 - No caso de estar percibindo algún tipo de prestación (prestación por desemprego, subsidio por desemprego, Ingreso mínimo vital, Rai, Prepara, Activa, Risga, prestación por incapacidade), deberá acreditar a data da solicitude e a data de finalización do percibo da prestación (copia da solicitude onde figure o período e o tipo de prestación).
 - No caso de non estar percibindo ningún tipo de prestación deberá acreditarse mediante o correspondente certificado de non estar percibindo ningún tipo de prestación (certificado Sepe, informe servizos sociais no caso de Risga).

NOVENA. Resolución do proceso selectivo e contratación.

9.1.O tribunal selectivo elaborará en primeiro lugar a listaxe coas puntuacións correspondentes a entrevista persoal. A acta cós resultados será publicada e exposta no mesmo local onde tivo lugar a entrevista e na páxina web do Concello de Castrelo do Val.

Nunha nova reunión do tribunal selectivo procederase á valoración, segundo o baremo de puntuación da documentación aportada dos candidatos, os cales

se publicará nunha acta provisional. Na antedita acta constará un prazo de dous (2) días hábiles para os efectos de reclamacións contra as valoracións provisionais ou a exclusión do proceso. Para non demorar a resolución do proceso, os escritos de reclamacións presentaranse nas oficinas do Concello de Castrelo do Val ou na oficina de emprego de Verín.

9.2. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará o nome dos candidatos propostos para o nomeamento, pola orde de puntuación acadada e con indicación da calificación obtida, de acordo co reparto de prazas por concello, que se recolle na base segunda.

9.3. De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademáis da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento dos aspirantes seleccionados. O alcalde nomeará os aspirantes seleccionados, e efectuaráse a formalización do correspondente contrato laboral.

9.4. En ningún caso o tribunal cualificador poderá propor para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

9.5. Cós aspirantes que superasen as probas, farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista.

9.6. Para efectuar esta proposta, o tribunal de selección poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convintes.

DÉCIMA. Protección de datos de carácter persoal.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes dos candidatos, a cualificación das probas e avaliación, así como a provisión dos postos e confección do banco de datos ou listas de espera.

Os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición na sede electrónica do Concello de Castrelo do Val aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así



como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Así mesmo, os participantes autorizarán a comprobación no Servizo de Emprego de Galicia o seguimento e control dos requisitos específicos necesarios dos candidatos establecidos na Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024).

UNDÉCIMA. Recursos.

Estas bases e demáis actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Castrelo do Val, 23 de outubro de 2024.

O Alcalde,

Asdo.: Vicente Gómez García

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

ANEXO I: Solicitud

D./Dna....., con DNI, e domicilio en
....., con data de nacemento/...../....., teléfono e endereço electrónico
.....



Logo de ser notificado como candidato, a través dunha oferta de emprego, e interesado no posto de Alumno-Traballador do Obradoiro de Emprego “**Rodeira da Cota**”, mediante a contratación cun contrato de formación en alternancia có emprego de nove meses de duración,

EXPÓN:

PRIMEIRO. Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases que rexen a convocatoria e acepta o seu contido, e polo tanto, logo da preselección realizada pola Oficina de Emprego de Verín,

SOLICITA:

PRIMEIRO. Ser admitido ao concurso de méritos convocado para cubrir os posto de alumno-traballador do Obradoiro de Emprego “Rodeira da Cota”, para o cal presento a seguinte documentación:

O Declaración Xurada	O Fotocopia DNI	O Vida Laboral
O Titulo académico	O Competencias Clave	O Discapacidade
O IPI	O Muller vítima violencia	O Emigrante ret.
O Cert. Períodos inscrición	O Informe serv. sociais	O Cert. Prestacións
O Certificado non percibir ningunha prestación.		O Outra documentación:

.....
.....

SEGUNDO. Así mesmo, autorizo ao Concello de Castrelo do Val, para obter os datos necesarios que acrediten os méritos alegados no procedemento ao abeiro do artigo 28.2 da Lei 29/2015 do 1 de outubro.

E para que conste e produza os efectos oportunos no proceso selectivo asino esta autorización, baixo a miña responsabilidade, en Castrelo do Val, a/../2024.

(Asinado polo/a interesado/a)

ANEXO II: Declaración xurada

D./Dna.....,

con DNI, **DECLARO** que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na



lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servicio de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

Asi mesmo declaro o seguinte sobre as miñas condicións persoais (Marcar cun X):

1. Que son vítima de violencia de xénero: O Si O Non
2. Que teño unha discapacidade superior ao 33,00%: O Si O Non
3. Que participei como alumno-traballador noutro obradoiro: O Si O Non

Especialidade e ano:

-
4. Que realizo un Itinerario de Inserción Profesional: O Si O Non
 5. Que son perceptor da seguinte prestación:
 O Prestación por desemprego O Subsidio por desemprego ou axudas
 O Prestación por incapacidade O Non percibo ningún tipo de ingreso

E para que conste e produza os efectos oportunos no proceso selectivo do "Obradoiro de Emprego Rodeira da Cota" asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Castrelo do Val, a/...../2024.

(Asinado polo/a interesado/a)